



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMARIÑAS

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal para a defensa, protección, benestar e tenencia responsable de animais de compañía no Concello de Camariñas

ANUNCIO

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal para a defensa, protección, benestar e tenencia responsable de animais de compañía no Concello de Camariñas

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2020, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal para a defensa, protección, benestar e tenencia responsable de animais de compañía no Concello de Camariñas.

Sometido o expediente a información publica polo prazo de trinta días hábiles non foron presentadas reclamacións e/ou suxestións polo que se considera definitivamente aprobada a ordenanza.

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, procédese á publicación completa do texto da ordenanza, entrando en vigor tras a súa publicación, ao ter transcorrido xa o prazo previsto no artigo 65.2 da citada norma.

Contra a presente ordenanza poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa- administrativa.

Camariñas, a 11 de decembro de 2020.

A alcaldesa,

Sandra Insua Rial

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A DEFENSA, PROTECCIÓN, BENESTAR E TENENCIA RESPONSABLE DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA NO CONCELLO DE CAMARIÑAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A convivencia no ámbito doméstico con animais é un fenómeno frecuente no marco de todas as sociedades. Nos últimos anos, ademais, podemos percibir un incremento significativo no número de animais convivindo nos fogares ao que hai que engadir que, grazas ao maior grao de desenvolvemento social e cultural do noso contorno, asistimos a un proceso de cambio na consideración do respecto e na sensibilización a favor dun maior grao de protección e benestar para todos os animais e en favor de regular unha convivencia responsable.

En virtude do antedito, o Concello de Camariñas ten o deber de protexer os animais e de regular as obrigas dos seus propietarios e posuidores, de acordo coas normas e principios constitucionais vixentes, sen prexuízo tamén de velar pola seguridade das persoas e dos bens.

Esta ordenanza establece un conxunto de obrigas para as persoas responsables dos animais, co obxecto de minimizar os riscos varios que poidan supor estes en sociedade, intentando garantir unha convivencia social axeitada, e incidir na necesidade dunha tenza responsable, tanto no trato co animal como na consideración e no respecto cara ao resto das persoas coas que convive no municipio. Tamén pretende potenciar e resaltar o carácter proteccionista de cara aos animais, en concreto, o concepto de benestar animal, pretendendo garantirlles a estes unha vida conforme coa súa natureza e as atencións mínimas que deben recibir en canto ao trato, hixiene, coidado e protección, facilitando o seu desenvolvemento natural e integral.

A elaboración e aprobación da presente Ordenanza, como iniciativa nova, foi incluída no plan normativo aprobado polo Concello para o ano 2020, sesión de data 31 de xaneiro deste ano.

Preténdese, pois, coa mesma, como se fixo constar no citado plan, adoptar unha normativa municipal axeitada aos cambios legais producidos na Comunidade Autónoma, a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, así como á realidade e sensibilidade social en relación á protección e benestar dos animais domésticos.

Título I. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. Obxecto, exclusións e ámbito aplicación

1. A presente ordenanza ten por obxecto establecer as normas que garanten a protección e benestar, así como a posesión e tenencia responsable dos animais de compañía, incluíndo aos silvestres mantidos en cativeiro, incluso os cualificados como potencialmente perigosos, de xeito que a súa utilización proveitosa polas persoas sexa compatible coa protección dos propios animais e a eliminación dos riscos que poidan derivarse para a vida, saúde e integridade física das persoas e demais animais e a seguridade dos bens, dentro do termo municipal.

2. Con tal finalidade, a ordenanza ten en conta tanto as molestias e perigos que poden ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un gran número de persoas e a axuda que poden prestar polo adestramento e a dedicación, como no caso dos cans guía, dos de traballos de salvamento e de todos os demais en que os animais domésticos proporcionan aos humanos satisfaccións deportivas e de lecer.

3. Quedan excluídos desta ordenanza, e estarán rexidos pola súa propia normativa:

- a) Os animais de produción destinados ao seu aproveitamento, incluído o autoconsumo.
- b) Os animais pertencentes á familia dos équidos.
- c) Os animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros.
- d) Os animais silvestres no medio natural.
- e) Os animais empregados para experimentación ou outros fins científicos.
- f) Cans e animais pertencentes ás forzas armadas, forzas e corpos de seguridade do estado, corpo de policía da comunidade autónoma, policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.
- g) Calquera outros que sexan obxecto de regulación específica.

4. A presente ordenanza aplicárase aos animais potencialmente perigosos sen prexuízo da normativa municipal especial que lles resulta de aplicación, Ordenanza Municipal reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da sección local do rexistro de animais de compañía, publicada no BOP nº 130, de data 9 de xuño de 2004.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos desta ordenanza enténdese por:

1. Animais de compañía: os animais de calquera especie, dos incluídos no ámbito de aplicación desta ordenanza, que teña no súa poder o ser humano, sempre que a súa tenencia non supoña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos. En todo caso, dentro desta definición inclúese, na súa totalidade, aos cans, gatos e furóns, así como aos animais das coleccións zoolóxicas dos parques ou reservas zoolóxicas, independentemente do fin ao que sexan destinados ou do lugar no que habiten, ademais de todos aqueles exemplares de animais silvestres mantidos en cativeiro con fins distintos dos produtivos.

2. Animais domésticos: aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir en domesticidade na contorna do fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas con discapacidade recoñecida.

3. Animais silvestres mantidos en cativeiro: aqueles animais de compañía distintos dos animais domésticos.

4. Animais potencialmente perigosos: considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona como alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, salvo o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.

5. Animais abandonados: os animais de compañía, incluíndo os vagabundos ou extraviados, cuxa persoa propietaria fose descoñecida ou non resultase posible a súa localización, e aquel animal que, con propietaria ou propietario coñecido, non fose recuperado nos prazos legalmente establecidos tras o correspondente requirimento conforme o establecido no artigo 23 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia e na presente ordenanza. Terá igualmente o carácter de abandonado aquel animal que non fose retirado pola persoa propietaria do mesmo

de calquera centro ou establecemento de animais no prazo convindo, sen prexuízo do procedemento para a súa recollida de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 4/2017 e na presente ordenanza.

6. Animais identificados: os animais de compañía que, tendo implantado o sistema de marcaxe legalmente establecida por unha veterinaria ou un veterinario habilitado, estean dados de alta no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía ou en calquera outro rexistro considerado oficial no territorio no cal se establezan, sexa doutra comunidade autónoma, do Estado español ou doutro Estado.

7. Propietario ou propietaria: a persoa física ou xurídica responsable da custodia dun animal de compañía que figure rexistrada como propietaria no rexistro de identificación correspondente. Naqueles supostos nos que non exista constancia desta inscrición, considérase propietario ou propietaria a quen poida demostrar a súa titularidade por calquera medio admitido en dereito. As persoas menores e incapacitadas poderán ser propietarias de acordo coas regras xerais sobre capacidade establecidas no Código civil.

8. Posuidor ou posuidora: a persoa física que, sen reunir a condición de propietaria ou propietario segundo o establecido na definición anterior, ostente e/ou estea encargada do coidado do animal de compañía.

9. Consellería competente en materia de protección animal: a consellería con competencias e funcións en materia de conservación da natureza, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

10. Consellería competente en materia de sanidade animal: a consellería con competencias e funcións en materia de protección e control da sanidade animal, segundo o establecido no correspondente decreto de estrutura orgánica.

11. Eventos con animais de compañía: calquera actividade que supoña a exhibición e celebración de concursos, exposicións, certames, feiras ou atraccións públicas, de acordo co establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no relativo aos espectáculos públicos e actividades recreativas, recollidos baixo una mesma autorización, que implique a participación de animais de compañía (excepto os parques zoolóxicos, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos).

Título II. Disposicións relativas aos animais de compañía

Artigo 3. Obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía

1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal é responsable da súa protección e benestar, debendo cumprir con todas as obrigacións previstas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, nas disposicións que a desenvolvan e na presente Ordenanza Municipal.

2. As persoas propietarias e posuidoras de animais teñen a obrigación de garantir as seguintes necesidades básicas:

a) Fornecerlles alimentación, auga e os coidados que estean en consonancia coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas adecuados para o seu normal desenvolvemento.

b) Proporcionarlles aloxamento suficiente, cómodo, seguro, a resguardo das inclemencias meteorolóxicas, e mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, todo iso conforme á súa etoloxía e as súas características físicas.

c) Sometelos ás revisións veterinarias precisas e prestarlles todos aqueles tratamentos veterinarios preventivos, paliativos ou curativos que sexan necesarios para garantir un bo estado sanitario, ou que lles eviten sufrimento, así como sometelos a calquera tratamento preventivo que sexa declarado obrigatorio para o seu benestar ou para a protección da saúde pública ou a sanidade animal.

d) Proporcionarlles o necesario exercicio físico e descanso, de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

e) Proporcionarlles unha contorna libre de tensión, medo e sufrimento, así como a posibilidade de interacción necesaria para o seu normal desenvolvemento.

3. As persoas propietarias ou posuidoras de animais teñen, ademais das anteriores, as obrigacións seguintes:

a) Colaborar coas autoridades e os seus axentes, e facilitarlles canta documentación e información fose requirida, así como o acceso ou entrada aos lugares que fose necesario, en orde ao cumprimento das previsións contidas na presente lei.

b) Adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados. No caso dos cans, a estes deberán levalos provistos de correa e collar ou outros elementos de retención, salvo os supostos establecidos nas actividades autorizadas nas que os animais precisan transitar en liberdade ou naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade, e, en todo caso, baixo o control e responsabilidade das persoas propietarias ou posuidoras dos mesmos, evitando danos ou molestias ás persoas viandantes ou a outros animais.

Así mesmo, deberá impedirse o libre acceso ao lugar onde se aloxen os animais ás persoas ou a outros animais.

O acceso dos animais no caso dos locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais someterase ao disposto na presente ordenanza, co necesario respecto á restante normativa aplicable.

- c) Recoller os excrementos que os animais depositen nas vías e espazos públicos e privados de uso común.
- d) Evitar a reprodución incontrolada dos animais.
- e) Manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos na normativa aplicable.

Artigo 4. Responsabilidade por danos

1. En materia de responsabilidade por danos se estará ao disposto no artigo 1905 do Código Civil.
2. Será obrigatoria a contratación dun seguro de responsabilidade civil nos supostos legal ou regulamentariamente previstos.

Artigo 5. Prohibicións

Están prohibidas as seguintes condutas ou prácticas en relación aos animais incluídos no ámbito de aplicación da presente ordenanza:

a) Os malos tratos aos animais, no sentido indicado no artigo 4.14 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

b) O abandono dos animais, no sentido indicado no artigo 4.7 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

c) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, produzanlles dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou tensións innecesarias, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, salvo prescrición veterinaria. Neste sentido, prohíbese manter aos animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día, así como o emprego de instrumentos ou métodos danosos de suxeición, retención ou educación, como os collares eléctricos que produzan descargas.

d) Non proporcionar á animais a auga e alimentación suficientes e adecuadas ás súas necesidades, salvo por prescrición veterinaria.

e) Manter aos animais en condicións inadecuadas, desde o punto de vista hixiénico-sanitario ou ambiental, ou desatender o coidado e atención necesarios, de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo a raza e especie.

f) Obrigar aos animais a desempeñar traballos ou actividades nos cales o esforzo esixido supere a súa capacidade ou ben se poña en perigo a súa saúde.

g) Empregar animais en atraccións feirais e outras asimilables, salvo o disposto no artigo 14 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

h) Practicar mutilacións aos animais, incluídas aquelas cuxa finalidade fose o mantemento das características dun tipo racial ou estéticas. Exclúense aquelas mutilacións necesarias por razóns médico-cirúrxicas, de esterilización, por esixencia funcional ou porque supoñen un beneficio futuro para o animal, as cales haberán, en todo caso, de ser prescritas e realizadas por unha ou un profesional veterinario.

i) Regalar animais como recompensa, premio ou gratificación en eventos ou atraccións públicas, de acordo co definido no artigo 4.22 Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

j) Utilizar animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outras actividades que conleven malos tratos, crueldade ou sufrimento.

k) A entrada e permanencia de animais de compañía nos locais ou lugares destinados á preparación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos.

l) O emprego e tenencia de animais de especies silvestres nos circos.

m) A filmación ou realización de escenas para cinema, televisión ou calquera outro medio audiovisual que recollan escenas de crueldade, malos tratos, morte ou sufrimento de animais, salvo autorización da consellería competente en materia de protección animal, en orde a garantir que o dano sexa simulado e que os produtos e medios empregados non provoquen prexuízo algún ao animal.

n) A utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modificar o comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico, publicitario, de exposición ou exhibición.

o) Exercer a mendicidade ou calquera outra actividade ambulante utilizando animais como medio de publicidade ou reclamo destas actividades.

p) Alimentar aos animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal, salvo situacións que puidesen comprometer o benestar dos animais.

q) Dar educación agresiva, estresante ou violenta aos animais, así como de instigación ou preparación para pelexas ou ataques, fóra dos adestradores de cans de empresas de seguridade legalmente habilitadas e de corpos e forzas de seguridade do Estado, así como as excepcións previstas no artigo 11 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos. Neste punto, prohibese expresamente implicar aos animais en pelexas, ataques ou agresións, incluíndo a súa organización, así como incitalos, permitirlles ou non impedirlles atacar a unha persoa ou a calquera outro animal.

Artigo 6. Identificación dos animais de compañía.

De conformidade coa Lei 4/2007 a identificación dos animais da especie canina é obrigatoria sen excepción. O animal deberá ser identificado dentro dos tres primeiros meses de vida e, en todo caso, antes de ser obxecto de transmisión. Así mesmo, serán obxecto de identificación obrigatoria todos os animais catalogados como potencialmente perigosos.

En todo caso a identificación e inscrición no correspondente rexistro se rexerá polo establecido en cada momento pola normativa da Comunidade Autónoma.

Artigo 7. Prohibicións e limitacións de acceso

1. Queda prohibido o acceso de animais de compañía aos locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais, así como aos parques infantís ou naqueloutras zonas/espazos que o Concello de Camariñas determine atendendo ás súas dimensións ou réxime de usos, especialmente os frecuentados por nenos.

2. Queda prohibida a entrada e permanencia de animais de compañía nos locais ou lugares destinados á preparación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos.

Non obstante o anterior as persoas propietarias de hoteis, pensións, restaurantes, bares, cafeterías e similares poderán autorizar ao seu criterio a entrada e permanencia dos animais de compañía nos seus establecementos, para o que haberán de mostrar un distintivo que o indique nun lugar visible á entrada do establecemento.

3. En todo caso, exceptúanse das prohibicións establecidas neste artigo os cans de asistencia e os pertencentes ás Forzas Armadas e corpos e forzas de seguridade do Estado, de ámbito autonómico e local, así como os das empresas de seguridade legalmente habilitadas e os dos corpos de salvamento e rescate.

Título III. Animais domésticos

Artigo 8. Obrigas específicas das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos.

1. Sen prexuízo do establecido no Título II da presente Ordenanza, corresponden ás persoas posuidoras ou propietarias de animais domésticos as seguintes obrigacións específicas:

a) A esterilización dos cans de asistencia segundo a súa normativa específica, así como dos cans que se manteñan en polígonos industriais e obras.

b) Prohibese levar soltos nas vías públicas aos cans e demais animais domésticos, os cales haberán de ir provistos de correa e collar ou outro elemento de retención, excepto naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo caso, baixo o control e responsabilidade dos posuidores ou posuidoras daqueles. Non obstante o anterior, nas sendas e camiños no ámbito rural, fóra dos núcleos de poboación, poderá levarse libre ao animal sempre que non se ocasione danos, molestias nin riscos ás persoas, outros animais e cousas.

c) Cando se producise un cadro de agresión por parte dun animal doméstico, facilitar os datos do animal e da persoa responsable do mesmo tanto á persoa agredida ou aos seus representantes legais como ás autoridades competentes.

d) Comunicar ao Rexistro ao que se refire o artigo 6 da presente ordenanza o extravío ou morte do animal doméstico, en caso de inscrición obrigatoria, no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que se tivese coñecemento de tales feitos.

Artigo 9. Recollida e acollida de animais vagabundos e extraviados

1. O Concello de Camariñas recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos pola normativa vixente.

2. O Concello de Camariñas poderá prestar o servizo de recollida e acollida por si mesmo ou asociado, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

3. O Concello de Camariñas poderá recoller e acoller animais a solicitude das persoas propietarias, previa xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigacións derivadas da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia e da presente ordenanza.

4. Excepcionalmente, en situacións de emerxencia que puidesen comprometer o benestar dos animais, os cidadáns e cidadás poderán realizar a recollida de modo puntual e desinteresado dun animal vagabundo ou extraviado ata a súa entrega final ou posta ao dispor do centro de recollida autorizado que a autoridade competente determine.

Artigo 10. Abandono de animais domésticos

1. Se o animal recollido se encontrase identificado ou tivese persoa propietaria coñecida, o centro de recollida poñerá en coñecemento desta a entrada do animal nas súas instalacións, no prazo de corenta e oito horas desde a súa recollida.

Se transcorridos dous días desde a comunicación á persoa propietaria, esta non procedeu á retirada do animal, o centro notificaralle que dispón dun prazo máximo de dez días naturais, a contar desde o día seguinte ao da devandita notificación, para a recuperación do animal, previa satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro, e exhibindo a licenza correspondente no caso de que se tratase dun animal potencialmente perigoso.

2. Transcorrido o prazo máximo de dez días naturais, a contar desde o día seguinte ao da notificación ou da publicación, no suposto de notificación infrutuosa, sen retirarse o animal, este pasará a ter a consideración de animal abandonado, o que habilitará ao concello para darlle o destino que legalmente proceda. Neste suposto, o centro de recollida deberá dar traslado dos feitos á consellería competente en materia de protección animal a efectos da apertura do correspondente expediente sancionador.

3. Se o animal recollido non se atopase identificado e non tivese dono ou dona coñecido, pasará a ter a consideración de animal abandonado. Se transcorridos dez días naturais desde a entrada no centro de recollida non é reclamado pola persoa propietaria, posuidora ou autorizada, previa acreditación da propiedade ou posesión, o centro queda habilitado para darlle o destino que legalmente proceda.

4. Os animais recollidos deberán ser necesariamente identificados, de acordo co artigo 12 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, para poder ser entregados ás persoas propietarias, segundo as obrigacións establecidas para cada especie, facéndose estas cargo dos gastos derivados da devandita actuación.

5. A retirada dos animais debe realizarse en horas de servizo, e de ser o caso, despois do pagamento das taxas e demais gastos de mantenza e coidado e, no seu caso, da sanción correspondente que se impoña.

Artigo 11. Presenza de animais domésticos na vía pública, nos espazos públicos e praias

1. Prohíbese levar soltos nas vías públicas aos cans e demais animais domésticos, os cales haberán de ir provistos de correa e collar ou outro elemento de retención, excepto naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo caso, baixo o control e responsabilidade dos posuidores ou posuidoras daqueles, tal e como se establece no artigo 8.1 b) da presente ordenanza.

2. As persoas propietarias ou posuidoras de animais teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados, así mesmo teñen a obriga de evitar causar danos ou molestias ás persoas viandantes.

3. As persoas propietarias ou posuidoras dos animais domésticos teñen que evitar en todo momento que estes causen danos ou ensucien os espazos públicos.

En especial, están obrigadas a recoller os excrementos destes, que deberán depositarse de xeito hixienicamente aceptable nos colectores de recollida de lixo, fraccións resto.

Queda expresamente prohibido depositar o excremento nas entradas da rede de sumidoiros.

4. No caso de non cumprir o disposto no apartado anterior, os axentes da autoridade municipal poderán requirir persoas propietarias ou posuidoras dos animais para que procedan á limpeza e recollida, sen prexuízo da imposición, no seu caso, da correspondente sanción.

5. Con carácter xeral se permite a presenza de cans nas praias do termo municipal, non obstante, no período comprendido entre 1 de xuño e 30 de setembro queda expresamente prohibido o citado acceso/permanencia ás praias de Camelle, Arou, Lingunde, Area da Vila, Lago, Ariño, Pedrosa e Area Grande.

En todo momento deberase ter controlado o can xa que as persoas propietarias ou posuidoras dos animais serán responsables de calquera dano que poidan ocasionar.

As persoas responsables están obrigadas a recoller os excrementos destes, resultando de aplicación o previsto no parágrafo 4 do presente artigo.

En todo caso, exceptúanse da prohibicións establecidas neste parágrafo os cans de asistencia e os pertencentes ás Forzas Armadas e corpos e forzas de seguridade do Estado, de ámbito autonómico e local, así como os das empresas de seguridade legalmente habilitadas e os dos corpos de salvamento e rescate.

Artigo 12. Tenza de animais domésticos en recintos e vivendas privadas

1. A tenza de animais domésticos en recintos ou vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, ás circunstancias hixiénicas óptimas e ausencia de riscos sanitarios, que soamente garanten as necesarias revisións facultativas, á adopción das axeitadas medidas de seguridade para o animal e para as persoas, así como á inexistencia de molestias á veciñanza. Todo isto sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños.

A tenencia ou posesión de máis de cinco animais, maiores de tres meses, pertencentes á especie canina, estará sometida á obrigación de comunicación previa á consellería competente en materia de protección animal, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

Non obstante, cando a xuízo das autoridades autonómicas competentes en materia de sanidade e benestar animal a tenencia destes animais puidese comportar un risco sanitario ou se precisasen condicións diferentes ás existentes para garantir o seu benestar e protección, deberá ser obxecto de autorización como establecemento de coleccións zoolóxicas particulares.

2. Nos núcleos urbanos (zona urbana), prohíbese desde as 00:00 horas ata as 8:00 horas, deixar nos patios, terrazas, galerías e balcóns os animais domésticos, que cos seus sons, berros, ladridos ou cantos, disturben o descanso ou tranquilidade da veciñanza. O resto do día, tamén deberán ser retirados dos lugares especificados polas persoa propietarias ou posuidoras cando, de xeito evidente, ocasionen molestias aos ocupantes do inmovible ou inmovibles veciños.

Artigo 13. Animais de acompañamento, condución e axuda de persoas con discapacidade recoñecida.

Quedan excluídos expresamente do preceptuado no artigo 7 e a prohibición do artigo 11.5 da presente ordenanza os animais de acompañamento, condución e axuda de persoas con discapacidade recoñecida, sempre que vaian acompañados do seu propietario ou propietaria e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que se prevé na normativa sectorial de aplicación.

Título IV. Animais silvestres mantidos en cativeidade

Artigo 14. Obrigas das persoas posuidoras e propietarias de animais silvestres mantidos en cativeidade

1. A persoa propietaria ou posuidora dun animal silvestre mantido en cativeidade é responsable da súa protección e benestar nos termos previstos na Lei 7/2017 e na presente ordenanza.

2. Para o mantemento en cativeidade de animais silvestres deberá acreditarse a súa orixe legal, de acordo co estipulado na normativa sanitaria, de comercio e conservación da natureza e demais normativa que resulte de aplicación, segundo os casos.

3. Os preceptos contemplados nos artigos 9 e 10 da presente ordenanza serán de aplicación a todos os exemplares de especies silvestres mantidos en cativeidade, excepto aqueles pertencentes a especies que contén con normativa específica de aplicación na que se recollen as autoridades competentes responsables da súa protección e custodia. En especial, exceptúanse os exemplares de especies silvestres acollidas nun réxime de protección especial, as especies cinexéticas e as especies declaradas como exóticas invasoras.

Título IV. Potestade sancionadora

Artigo 15 Responsabilidade administrativa

1. Serán responsables das infraccións tipificadas na presente ordenanza as persoas físicas e xurídicas que, por acción ou omisión, realizen as actuacións tipificadas como infracción administrativa na mesma a título de dolo ou culpa.

2. Cando o cumprimento das obrigacións a que se refire esta ordenanza correspondese a varias persoas conxuntamente, así como cando non fose posible determinar o grao de participación das distintas persoas físicas ou xurídicas que interviñesen na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria. Con todo, cando a sanción fose pecuniaria e resultase posible individualizarse na resolución en función do grao de participación de cada responsable.

3. Das sancións pecuniarias impostas a persoas xurídicas serán responsables subsidiariamente os administradores ou administradoras que non realizen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións infrinxidas, consentisen o incumprimento por quen deles dependen ou adoptasen acordos que fixesen posible a

comisión de tales infraccións. Así mesmo, serán responsables subsidiarias das sancións impostas ás persoas xurídicas que cesasen nas súas actividades aquelas persoas que ocupasen cargos de administrador ou administradora no momento en que se cometeu a infracción.

4. A responsabilidade administrativa será esixible sen prexuízo da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.

5. En caso de celebración de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outras actividades prohibidas, serán responsables da comisión da infracción administrativa as persoas organizadoras, as persoas que cedesen por calquera título leiras, locais ou animais para a realización do espectáculo, así como as persoas participantes nel.

Artigo 16. Infraccións

1. As infraccións que se cometan contra o disposto nesta ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves, as previstas no artigo 40 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

3. Terán a consideración de infraccións administrativas graves, as previstas no artigo 39 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

4. Terán a consideración de infraccións administrativas leves, as previstas no artigo 38 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. Así mesmo, terán esta consideración o incumprimento de calquera das obrigas establecidas na presente ordenanza ou vulneración das prohibicións previstas na mesma que non estiveran tipificadas como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 17. Sancións pecuniarias

1. As infraccións administrativas tipificadas no artigo anterior serán obxecto das sancións seguintes:

a) As infraccións leves, apercibimento ou sanción económica de 100 a 500 euros.

b) As graves, con multas de 501 a 5.000 euros.

c) As moi graves, con multas de 5.001 a 30.000 euros.

2. Cando, como consecuencia da comisión da infracción, a persoa infractora obtivese un beneficio cuantificable, poderá superarse o límite superior das multas previstas no apartado anterior ata conseguir a contía do beneficio obtido.

Artigo 18. Sancións accesorias

No caso da comisión de infraccións graves e moi graves poderanse impoñer ademais das multas previstas no artigo anterior as sancións accesorias previstas no artigo 42 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Artigo 19. Gradación das sancións

A imposición das sancións previstas na presente ordenanza se graduará de conformidade co previsto no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta ademais os criterios seguintes:

a) A transcendencia social ou sanitaria e a natureza do prexuízo causado pola infracción.

b) O ánimo de lucro e a contía do beneficio económico obtido na comisión da infracción.

c) O ensañamiento ou grao de crueldade na comisión da infracción.

d) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa. Se concorre a reincidencia, a sanción pecuniaria a impoñer incrementarase nun cincuenta por cento da contía máxima prevista da escala correspondente ao tipo infractor.

e) A intencionalidade.

f) A realización de actos para ocultar o seu descubrimento.

g) A agrupación e organización para a comisión da infracción.

h) O número de animais afectados.

Artigo 20. Medidas provisionais

Previamente á incoación dun procedemento administrativo sancionador ou ben durante a súa tramitación, o órgano competente poderá acordar motivadamente as medidas provisionais que estime necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, de conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común e o establecido no artigo 44 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Artigo 21. Reposición da situación alterada e corrección dos gastos e danos e prexuízos

As sancións que poidan impoñerse á persoa infractora son compatibles coa existencia de reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados que se determine na resolución sancionadora. Neste sentido, a persoa infractora deberá abonar a totalidade dos gastos derivados da comisión da infracción e, en especial, os procreados pola recollida, mantemento e tratamentos sa Procedemento sancionador

Artigo 22. Competencia sancionadora

1. O procedemento sancionador tramitase de conformidade coa lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Corresponde aos concellos a incoación e tramitación dos procedementos incoados pola comisión de infraccións tipificadas como leves nos apartados c), i) e j) do artigo 38 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia e o incumprimento de calquera das obrigas establecidas na presente ordenanza ou vulneración das prohibicións previstas na mesma que non estiveran tipificadas como infraccións moi graves, graves ou leves, estas últimas nos termos establecidos no citado artigo 38.

3. Corresponde á consellería competente en materia de protección animal a incoación e tramitación dos expedientes sancionadores no caso das restantes infraccións cualificadas como leves e polas infraccións cualificadas como graves e moi graves.

4. A resolución do procedemento sancionador corresponderá:

a) Á persoa titular da alcaldía do concello nos procedementos incoados pola comisión de infraccións leves tipificadas nos apartados c), i) e j) do artigo 38 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia e o incumprimento de calquera das obrigas establecidas na presente ordenanza ou vulneración das prohibicións previstas na mesma que non estiveran tipificadas como infraccións moi graves, graves ou leves, estas últimas nos termos establecidos no citado artigo 38.

b) Ás persoas titulares das xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, da consellería competente en materia de protección animal nos demais supostos de infraccións leves, excepto as previstas no apartado c) seguinte.

c) Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións administrativas cualificadas como graves, así como para todas as infraccións leves e graves cometidas polos concellos.

d) Á persoa titular da consellería competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións cualificadas como moi graves.

Artigo 23. Prescrición das infraccións e sancións

1. As infraccións administrativas leves prescribirán no prazo dun ano, as infraccións graves no prazo de dous anos e as moi graves no prazo de tres anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día no que a infracción se houbese cometido. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que terminase a conduta infractora.

2. As sancións administrativas impostas por infraccións leves prescribirán aos dous anos, por infraccións graves aos tres anos e por infraccións moi graves aos catro anos, a contar desde o día seguinte a aquel en que fose executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para recorrela.

Artigo 24 Caducidade do procedemento sancionador

1. Nos procedementos sancionadores instruídos deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo dun ano, a contar a partir do momento no que se acordou a súa iniciación.

2. A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, salvo nos supostos nos que o procedemento se houbese paralizado por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordou a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

3. Iniciado un procedemento sancionador, se os feitos puidesen ser presuntamente constitutivos de delito ou falta, poñerase en coñecemento do Ministerio Fiscal, con remisión do actuado. En aplicación do principio de non bis in idem, a instrución de causa penal ante os tribunais de xustiza suspenderá a tramitación do expediente administrativo sancionador que fose incoado polos mesmos feitos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

2020/9441